

A folga do 13 e 14 de Abril contra a LOMCE e o 3+2 foi un éxito!

É o momento da organización e a loita!

**O 15M:
todo o mundo
ás prazas!**

Os pasados 13 e 14 de abril, a mocidade de todos os territorios protagonizamos unha folga que paralizou a educación pública. 2,4 millóns de estudantes baleiramos as aulas de institutos e universidades e saímos en máis de cen manifestacións. Decenas de miles enchemos as rúas en Madrid, Barcelona, Valencia, Bilbo, Donosti, Málaga, Granada, A Coruña, Ferrol, Vigo, Xixón, Zaragoza e moitas máis cidades para dar un NON rotundo a todos os recortes e ataques á educación pública e esixir a derogación inmediata da LOMCE e do 3+2. Con esta folga masiva volvemos a deixar claro que non imos aceptar que se manteñan as políticas a favor dunha elite de privilexiados, que rouban a mans cheas o patrimonio público e logo evádeno ós paraísos fiscais: non aceptamos os seus recortes nin os seus argumentos de que non hai diñeiro!



Se nos organizamos somos máis fortes! Construír o Sindicato de Estudiantes en cada instituto e facultade!

Se algo quedou claro nos últimos anos é que só coa loita na rúa podemos lograr parar esta ofensiva de quen queren facer da educación un lucrativo negocio en lugar dun dereito social. Así logramos atrasar a aplicación das reválidas; así logramos botar ó odioso Wert; e así logramos aprazar a aplicación do 3+2. Pero non nos basta con atrasar estas medidas: queremos acabar con todas elas! Para logralo temos que organizarnos, que é como realmente somos fortes, moito máis fortes que os capitalistas que nos queren arrebatarnos todo. Eles están organizados no FMI, na CEOE, no Partido Popular, en Ciudadáns. Nós tamén temos que organizarnos para responder coa mesma forza. Por iso necesitamos formar o Sindicato de Estudiantes en cada instituto e facultade e unirmos na loita por un ensino público, digno e grauíto, e un futuro digno para todo o mundo.

Aquí como en París! O 15M todo o mundo ás prazas!

Xa sabemos cales son os plans dos capitalistas para os próximos meses: o FMI esixiu xa ó goberno do Estado español un novo recorte de 2.000 millóns de euros e advertiron que se trata só do principio dun plan para recortar decenas de miles de millóns de euros máis. Como sempre, queren sacalo da nosa educación e a nosa sanidade. Por iso temos que unirmos e prepararnos para responder, governe quen governe finalmente. As nosas reivindicacións non se negocian!

A xuventude no Estado español non é a única que sofre os ataques das elites financeiras. O paro, a precariedade e outras lacras do capitalismo golpean a quen provimos de familias humildes en todo o mundo. E nas últimas semanas, o estudiantado de Francia, xunto coa clase traballadora, botáronse ás rúas contra unha reforma laboral brutal que os condena á precariedade e a salarios miserables: centos de miles tomaron as prazas seguindo o exemplo do noso 15M! O seu exemplo de loita é unha inspiración para nós, que estamos na mesma batalla contra a austeridade e contra o goberno dunha minoría que explota á maioría.

As nosas compañeiras e compañeiros de Francia chamaron a toda a mocidade de Europa a mobilizarnos en conxunto no aniversario do 15M e volver a ocupar as prazas contra os recortes e os ataques ás nosas condicións de vida, e pola defensa dos nosos dereitos. Desde o Sindicato de Estudiantes apoiamos este chamamento con todas as nosas forzas e convocamos a toda a mocidade dos IES e facultades a organizar asembleas, facer pancartas, cartelóns e a encher o vindeiro domingo 15 de Maio todas as prazas en todas as cidades.

Todo o mundo ás rúas o 15M! A loita serve! A loita segue!

www.sindicatodeestudiantes.net • galiza@sindicatodeestudiantes.net

Compostela: 981 563 100 (est 12867) / 622 481 994

Ferrol: 640 255 027 • Coruña: 639 577 912 • Vigo: 630 431 613